

ONS

Alfonso Zarauza, 2020

724

ESTREA EN NUMAX: 20.05.2025 | V.O. | +12 | 87 min

Despois dunha profunda depresión pola morte da súa amante nun accidente de coche, o doutor Vicente chega xunto á súa muller Mariña a unha remota illa atlántica coa intención de pasar o verán, curar a súa enfermidade e recuperar o seu matrimonio. A vida na solitaria illa séntalle ben a Vicente, que pide á súa muller prolongar a estancia e pasar o outono. Cada día vaise sentindo mellor ata que tras un naufraxio no medio dun temporal, unha misteriosa e amnésica muller estranxeira aparece na illa e irrompe nas súas vidas. A partir dese momento xa nada volverá ser o que era.

A sesión completárase coa proxección da curta “Intérpretes” (2021, 10 min).

«Ten moito que ver coa tipografía sentimental, coa influencia das contornas xeográficas nos estados de ánimo. Thriller inquietante e atmosférico»

Sergio F. Pinilla, CINEMANÍA



Entrevista con Alfonso Zarauza: «Ons para min foi un paso adiante que eu quería dar»

Por Ana G. Liste

Como viviu a experiencia de ver de novo nunha sala de cine esas pezas dos inicios acompañado de xente do equipo? Foi moi bonito e moi especial. Foi como volver atopar un traballo teu que, despois de tanto tempo, é como se xa non fora teu porque podía velo como un espectador; cousa que non pasaba antes. Había tanto tempo que non o vía, estaba tan afastado, que podía velo como un espectador máis. Ao mesmo tempo, a pesar de que é un cine moi amateurista, iniciático, moi de aprendizaxe, tamén podes recoñecer cousas túas aí, a pesar do tempo e da distancia. Vexo o Zarauza de vinte anos que facía esas curtas, hai cousas de min aí. Observo como unha persoa madura de cincuenta a un rapaz de vinte, pero recoñézome.

Buscou rodearse da mesma xente ao longo da súa carreira, tanto nos elencos artísticos como no equipo técnico? Para a miña maneira de facer cine necesito un compromiso moi sólido tanto por parte dos intérpretes como por parte do equipo técnico e dos produtores. Todas as producións teñen complexidades pero ás veces exixes cousas que non son habituais, por exemplo, en *Ons* unha das cousas que lle pedía aos actores era que tiñan que estar todo o tempo na illa, traballaran ou non, algo que non é nada frecuente porque os actores e as actrices normalmente están facendo varios proxectos á vez e só dispós deles os días que está marcado no plan de rodaxe. Pero eu, sen poder pagarlles máis, pedínlles que pola natureza do traballo estiveran alí na illa todo o tempo. Primeiro porque era máis difícil estar entrando e saíndo porque era en inverno, con temporais e mal tempo, e logo tamén pola sensación de estar aí metidos. E funcionou moi ben, pero foi grazas á xenerosidade deles e elas. A verdade é que comigo sempre a xente é moi xenerosa, lánzanse a piscina. Os actores e actrices coas que traballo teñen unha forma de interpretar moi brutal, métese a tope nos personaxes e cren nas historias. Eu respecto moitísimo o seu oficio e desfrute durante a rodaxe de poder acceder ao interior das súas emocións. Hai aventuras que son duras, pero normalmente son moi bonitas e acaban moi ben, non sei que pasará se un día acaban mal, mais polo de agora sempre tiveron a fortuna de ter unha implicación absoluta pola súa parte.

Menciona o filme *Ons*, visto desde agora pensa que marca un antes e un despois na súa filmografía? Si, *Ons* para min foi un paso adiante que eu quería dar, levaba moitos anos buscando ese camiño de facer un filme absolutamente valente, rigoroso, radical en moitos aspectos, pero non sempre é doado. Para poder facer iso de non ter plan de rodaxe rodar, saber tres horas antes o que iamos rodar, precisas dun dominio absoluto do deseño de produción do filme. Na exposición que inauguramos esta semana na Zona C falo do proceso fílmico de *Ons* e pódese ver en perspectiva con documentos, fotografías e textos a complexidade desta rodaxe. O único problema que tiveron foi que apareceu a pandemia e cortoulle as expectativas, ademais de dificultar a estrea en cinemas, pero eu estou orgulloso desta película. Para min abriu un camiño completamente distinto, eu precisaba dar ese paso e levar o filme por aí, probablemente é a película da que me sinto máis orgulloso.

Publicado en praza.gal